

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

Orden do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da última comisión
2. Informe da dirección
3. Tarifas para usuarios tipo B e C a través de convenios
4. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

1. Acta da reunión anterior

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 4 DE DECEMBRO DE 2008

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoyo á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Vicerreitora de Investigación Dona Concepción Herrero López, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de tarifas para o ano 2009
4. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.
Carlos Jiménez González
Pilar Rodríguez Barro
Andrés Martínez Lage
Andrés de Blas Varela
Soledad Muniategui Lorenzo
José Luis Vilariño López
Daniel Fernández Mosquera
José María Aguiar Paz
Alicia Cantarero Roldán
Jorge Otero Canabal

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Débese modificar na Acta da anterior reunión a data da instalación do equipamento de ICP, que tivo lugar en febreiro de 2008.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de 4 de xuño de 2008, coa modificación sinalada.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

Adxúntase coa presente acta, en formato electrónico, e resúmese a continuación a exposición realizada polo Director do Servizo, Jaime Rodríguez González.

No tocante á adquisición de novo equipamento, resolvérónse durante 2008 diversos concursos:

Espectrómetro LC-MS Orbitrap con HPLC Accela, Unidade de Técnicas Cromatográficas (535.000 euros). O concurso realizouse polo procedemento habitual, se ben baixo a nova lei de contratación. Únicamente a empresa ThermoFisher presentou correctamente a oferta, quedando os demás participantes excluídos por un defecto de procedemento (ao incluir prezo e prazo de entrega no sobre B de características técnicas). En todo caso, o Director sinala que o equipo figuraba entre as preferencias do servizo e cumple perfectamente o cometido ao que estará destinado.

Microscopios confocais biolóxico e de materiais, Nikon AIR e Nikon Sensofar Plu 2300, Unidade de Microscopia (500.000 euros). Neste caso, todas as empresas presentaron mal a documentación, polo que foi necesario realizar un segundo procedemento, o que á súa vez permitiu unha maior marxe de negociación. A valoración técnica realizouse por unha comisión integrada por representantes dos usuarios (Julían Yáñez Sánchez, Ginés Nicolás) e técnicos da unidade. Resultou gañadora a oferta presentada pola empresa IZASA. As características técnicas dos equipos poden consultarse na páxina web de Nikon. A oferta contempla 3 anos de garantía incluíndo láseres, o que outras casas non

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

1. Acta da reunión anterior

contemplaban, así como un teléfono de asistencia técnica para usuarios e persoal da unidade.

Módulo de análise de TOC en sólidos Shimadzu SSM 5000 A, Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise (20.000 euros). O equipo, suministrado pola empresa Izasa, está xa instalado e en funcionamento desde mediados de 2008.

Equipamento para laboratorio de análise de augas (analizador de fluxo continuo, cromatógrafo iónico, equipos de ultrafiltración), Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise (180.000 euros). Resultou gañadora a oferta presentada pola empresa Gomensoro.

Sistema automático BET para a determinación do tamaño de poro e superficie de contacto, Unidade de Análise Estructural (60.000 euros). Resultou gañadora a empresa Bonsai Technologies. Están previstas a instalación e posta en funcionamento para finais de 2008.

No marco do programa Incite da Xunta de Galicia, solicitouse un técnico de formación profesional para a Unidade de Xeocranoxia, e un licenciado para a Unidade de Análise Estructural. Obtívose a concesión dun licenciado, e consultarase en relación ao posto de técnico en formación profesional.

En 2008 realizáronse de novo encuestas de satisfacción aos usuarios, este ano empregando un cuestionario elaborado pola Unidade Técnica de Calidade. As encuestas empezaron a realizarse en 2005, mediante cuestionarios via web ou carta elaborados polo servizo. En 2008 acadouse un maior número de respuestas que en anos anteriores (80 respuestas de usuarios de tipo A, 30% do total de respuestas). A valoración faiuse nunha escala de 1 a 6 (anteriormente 1 a 4), que se divide en tres tramos (satisfacción baixa, media e alta). A valoración global do servizo foi de 4.7. As valoracións globais de cada unidade foron: Análise Estructural, 5.1; Biología Molecular, 4.2; Espectroscopia Molecular, 5.1; Microscopía, 4.7; Técnicas Cromatográficas, 5.2; Técnicas Instrumentais de Análise, 5.3; Espectrometria de Plasma-Masas, 4.4. As encuestas valoran diversos aspectos, incluíndo a oferta analítica, a atención prestada polos técnicos e os tempos de análise. Neste último aspecto segue sen haber unha satisfacción total. Actualmente, o servizo mide os seus plazos de entrega, e xa se constataron melloras nos mesmos, se ben a percepción dos usuarios ainda non cambiou.

Os días 18 e 19 de novembro tivo lugar a auditoría de acreditación sobre a norma ISO/UNE 17025 por parte de ENAC, para o ensaio de policlorobenzodioxinas e policlorobenzofuranos. A auditoría foi moi estrita e intensa, como ocorre frecuentemente cando un dos auditores está en período de cualificación, e abarcou o sistema de xestión do servizo e o ensaio mencionado na Unidade de Técnicas Cromatográficas. Os resultados experimentais obtidos foron de moi boa calidade, e a parte técnica da auditoría superouse moi satisfactoriamente. Na parte de xestión detectouse unha non conformidade que o servizo espera non ter problemas para resolver. As empresas alimentarias que demandan este ensaio solicitan sempre a acreditación do mesmo, polo que a obtención da mesma reviste gran importancia.

A anterior reunión da Comisión de Usuarios tivo lugar antes de pecharse o plazo de solicitudes do programa FEDER. O equipamento solicitado correspondeu ao xa exposto no seu día.

Punto 3º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA PROPOSTA DE TARIFAS PARA O ANO 2009

A semana seguinte á presente reunión da Comisión de Usuarios, terá lugar unha reunión do Consello Social, á que se presentará unha proposta de tarifas para o ano 2009. A proposta mantén os prezos do ano 2008. Disminuiríronse os conceptos agrupando os que resultaban similares. Modificáronse algúns conceptos a efectos de concisión ou por consideracións técnicas. Os novos conceptos sinalanse en vermello. O director informa tamén que na UBM as tarifas dependen do coste dos kits empregados, e se ben os prezos dos mesmos sufriren un incremento, este poido ser compensado polo aumento no número de determinacións.

Andrés Martínez Lage pregunta se os microscopios referidos nas tarifas inclúen xa os equipos recentemente adquiridos, e o director responde positivamente, informando que se estableceu a mesma tarifa que para os microscopios disponibles anteriormente.

A Vicerreitora de Investigación pregunta acerca dos conceptos coa nota "Consultar disponibilidade", respondendo Alicia Cantarero que se trata de prestacións en proceso de posta a punto, e para as que non é posible ainda determinar o prezo.

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

1. Acta da reunión anterior

Soledad Muniategui, acerca da tarifa de contaminantes emerxentes en augas, comenta que se trata dun grupo moi amplio de compostos, e que tal vez se debería precisar máis no epígrafe a cales se refire a tarifa. Asimesmo, pregunta se a tarifa contempla a posta a punto metodolóxica, valorando que de ser así o prezo establecido non sería suficiente para cubrir os gastos xenerados. A Vicerreitora de Investigación indica que os costes de postas a punto non se cargan en xeral ao solicitante. O Director expón exemplos de métodos recentemente postos a punto, para os que só se facturan as medidas realizadas unha vez establecido o método.

Aprobase por unanimidade trasladar sen modificacións a proposta ao Consello Social.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Soledad Muniategui felicita ao conxunto dos SAI, e á Unidade de Técnicas Cromatográficas en particular, polo esforzo e os resultados obtidos no proceso de acreditación en marcha, facendo fincapé en que este representa unha valorización do ensaio e da organización do servizo. O Director expresa que en primeiro lugar débese dar a noraboa a Gerardo Fernández, cuxa competencia científica e técnica foi valorada polos auditores como moi por riba do necesario para obter a acreditación. Soledad Muniategui quere extender a felicitación ao Director e a Vicerreitora de Investigación polo seu apoio e implicación nesta iniciativa, e interesase polo custe económico de manter a acreditación, respondendo o Director que ese custe será asumido e está contemplado na estratexia do servizo. Soledad Muniategui anima a que a experiencia se traslade a outros ensaios, respondendo o Director que outras unidades se incorporarán con novas acreditacións, e que neste momento considérase o campo das análises alimentarias, por exemplo coa análise de metais na UEPM. Soledad Muniategui sinala o campo da análise de augas. Andrés de Blas resalta a importancia da acreditación de cara á demanda externa, polas exixencias ás que se ven soetidas as empresas, situación que é diferente no tocante á demanda interna. Finalmente, o Director comunica que trasladará as felicitacións á Unidade de Técnicas Cromatográficas.

José Luis Vilarinho desexa facer fincapé nas necesidades de persoal, incrementadas pola implantación da norma ISO 9001 e máis ainda pola norma ISO 17025. Soledad Muniategui expón a necesidade de manter persoal específicamente destinado a apoiar na implantación das normas e no cumprimento dos requisitos da mesma, especialmente nun centro onde os recursos humanos son xa limitados, incidindo en que doutro xeito é

imposible levar a término e sostener un sistema basado nas ditas normas, aspecto este último no que José Luis Vilarinho se mostra plenamente dacordo. Soledad Muniategui expón tamén a importancia de contar cunha dotación suficiente de persoal para un bo aproveitamento da instrumentación dispoñible, e solicita o apoio da Vicerreitora para a ampliación da plantilla de técnicos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:20 horas.

Vº e Prace da Presidenta


Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009


2. Informe da Dirección: *Memoria 2008*



O incremento en relación ao ano 2007 foi do 53%. No 2008 rexistráronse 58.943 mostras.

O incremento en relación ao ano 2007 foi do 38%. Sobre cada mostra pódense fazer varias determinacións: 83.138 no 2008.


Evolución de determinacións




Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: *Memoria 2008*

**Mostras 2008
segundo o tipo de usuario**



**Determinacións 2008
segundo o tipo de usuario**




■ USUARIO TIPO A (UDC)

■ USUARIO TIPO B (Sector público)


■ USUARIO TIPO C (Sector privado)

Evolución de determinacións segundo o tipo de usuario



Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009


2. Informe da Dirección: *Memoria 2008*




Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: *Memoria 2008*


Evolución da facturación



Facturación 2008
segundo o tipo de usuario




Facturación por departamentos e outros centros



Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: *Memoria 2008*

Facturación por áreas





Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Novo equipamento

Unidade de Análise Estrutural
Sistema de medida de porosidade
e medida de superficie específica
ASAP 2020. Micromeritics
59.999,00.-€



Unidade de Técnicas Cromatográficas
Sistema de HPLC-MS encaixado a
espectrometría de masas LTQ-Orbitrap
(Thermo Fisher Scientific): 534.850,00.-€






Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Novo equipamento


Unidade de Microscopía
Sistema de microscopía confocal
para aplicacións biolóxicas e
caracterización de superficies
materiais. 494.740,00.-€



Nikon A1R



MEMS



microlentes

Microscopio confocal
interferométrico Sensofar PL μ 2300

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Novo equipamento

Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise.

Módulo de análise de TOC en sólidos
serie TOC-SHIMADZU modelo SSM
5000A. 20.000,00.-€



Unidade de Análise Estrutural Analizador de densidade real Accupyc 1340, 10cc . Micromeritics 12.000,00.-€



Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Novo equipamento




**Unidade de Técnicas Instrumentais
de Análise.**

Turbidímetro ratio/no ratio de
laboratorio 2100N. 4.020,83.-€



**Unidade de Microscopía
Microscopio SEM de sobremesa.
Jeol Neoscope**

20.850,00.-



Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Revisión sistema de gestión ISO 9001:2000 de SGS



Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: ¡Acreditación 17025 ENAC de ensayo de dioxinas!

E2009/140



Serrano, 240. 3º • 28016 Madrid. • Tel. 91 457 32 89 • Fax 91 458 62 80



SERVICIOS DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN
DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA
UNIDAD DE CALIDAD/SERVICIOS DE
APOYO A INVESTIGACIÓN.
Edif. Servicios Centrales de Investigación.
Campus Elviña. Universidad de la Coruña
15071 A Coruña
Attn.: D. Alberto Núñez Cardezo
Fax nº: 981.16.70.68

Referencia: C.A. 17/09 acuerdo nº 20
Fecha: 22/05/2009

ASUNTO: ACUERDO COMISIÓN DE ACREDITACIÓN
INICIAL DEL EXPEDIENTE LE/1402

Muy Señores nuestros,

En la fecha que se cita la Comisión de Acreditación procedió al estudio del informe de Auditoría nº LE/14021 (14037), de la documentación de respuesta aportada por ustedes y del resto del expediente.

A la vista de la información presentada la Comisión de Acreditación acordó conceder la acreditación a SERVICIOS DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA como reconocimiento de la competencia técnica para la realización de ensayos de **Productos Agroalimentarios**.

Se asigna a la presente acreditación el número 725/LE1402, quedando el alcance de la misma recogido en el Anexo Técnico Rev. 1 de fecha 22/05/2009 (Responsable Técnico: D. Gerardo Fernández Martínez).

No obstante, se indica al laboratorio lo siguiente:

No Conformidad nº 1 (Sistema de gestión Auditorías Internas): la realización de las auditorías internas debe garantizar la adecuada revisión de los requisitos técnicos por parte de personal debidamente calificado para ello.

Observación nº 2 (Validación): debe revisarse el plazo de la acción correctora propuesta, garantizando que determinados aspectos de la misma se realizan lo antes posible (ej. verificación en matriz aceite a niveles bajos, lo cual puede hacerse con muestra fortificada).

Observación nº 5 (Control de calidad interno): debe revisarse el criterio de muestra blanco de forma que sea coherente con los requisitos del ensayo (ej. requisito de LQ del 20% del límite legal)

Próximamente recibirán su Documento de Acreditación y el Anexo Técnico correspondiente.

Asimismo, les comunicamos que teniendo en cuenta el resultado de esta evaluación y los plazos establecidos en el procedimiento de acreditación, la Comisión de Acreditación acuerda realizar la próxima visita de seguimiento en el mes de noviembre de 2009.



Entidad de utilidad pública. Inscrita en el Registro Nacional de Asociaciones con el N°65.212 CF 6-7837324

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

2. Informe da Dirección: Ampliación de la acreditación 17025

Los ensayos a acreditar son los siguientes:

- Determinación de nitrógeno Kjeldhal
 - Determinación de los sólidos en suspensión
 - Medida del pH
 - Determinación de la demanda química de oxígeno (DQO)
 - Determinación de la demanda bioquímica de oxígeno (DBO5)
 - Determinación de la conductividad
-
- Determinación de fósforo total
 - Determinación de metales y metaloides por ICP

U
T
I
A

U
E
P
M
S

Dichos ensayos se realizarán en los laboratorios de los Servizos de Apoyo á Investigación (SAI) y la acreditación será una ampliación de la actual (determinación de dioxinas).

Comisión de usuarios. 19 de xuño de 2009

3. Informe da Dirección: Tarifas para usuarios tipo B e C a través de convenios

FACTURACIÓN

Os usuarios dos SAI pagarán os gastos por servizos prestados conforme as tarifas establecidas, que serán aprobadas anualmente segundo o regulamento dos SAI.

Neste sentido distínguese tres tipos de tarifas:

- A) Tarifa polos servizos prestados a usuarios pertencentes a equipos de investigación da UDC.
- B) Tarifa polos servizos prestados a usuarios doutros organismos públicos.
- C) Tarifa polos servizos prestados a empresas privadas e particulares.

A tarifa de prezos vixentes estará a disposición dos usuarios na páxina web dos SAI, así como na Secretaría Técnica e nas distintas unidades.

Se o usuario o solicitar, os SAI emitirán un orzamento para o traballo que se demanda, que se calculará con base nas tarifas vixentes.

Dado que as tarifas para investigadores da UDC inclúen xa unha importante bonificación por parte da propia universidade non é preciso aplicar descontos a estes usuarios tipo A.

No caso de usuarios tipo B e C interesados en encargaren unha actividade aos SAI que implique un volume grande e/ou extenso de traballo, poderase estudar e propor a sinatura de contratos ou convenios entre as partes que regulen, entre outros aspectos, uns termos e unhas condicións económicas que resultaren más favorables para o solicitante que se se tratar de actividades puntuais.

As facturas por prestación de servizos a usuarios da UDC tramitaranse mediante cargo interno na partida orzamentaria que indique o usuario.

As facturas por prestación de servizos a usuarios externos ou a usuarios internos que non imputaren o gasto a unha partida orzamentaria da UDC, emitiranse co IVE correspondente e deberanxe pagar por transferencia bancaria na conta bancaria da universidade que vaia indicada na factura, nos prazos indicados.

A falta de pagamento dos servizos e/ou a incorrecta utilización de categoría A, B ou C fará que se poida perder a condición de usuario.

A Reitoría da UDC, de quen dependen directamente os SAI, é o máximo órgano que interpretará en última instancia a presente normativa.



4. Rogos e preguntas